

Adaptación da programación de Historia de España. 2º Bacharelato.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
II REPÚBLICA			
10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social.	10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30.	-Visionado dun fragmento documental sobre as causas da proclamación da República.	
	10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.	10.2.2. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.	-Elaboración de una composición sobre as Reformas da II República
		10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.	-Debate a través do FORO da Aula Virtual sobre as reformas.
		10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.	
		10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.	-Elaboración vocabulario colaborativo en drive.
		10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.	
A GUERRA CIVIL			
10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas.	10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.	-Elaboración dun traballo guiado pola profesora utilizando, mapas, documentos, enlaces a páxinas web e fragmentos de vídeos.	
	10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.		
	10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.		
	10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra.		
	10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar.	-Elaboración vocabulario colaborativo en drive.	

	10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.*Sumámoslle arredor de dúas sesións de explicacións da profesora.	
A ESPAÑA DE FRANCO		
11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional.	11.1.1. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	- Elaboración dun eixo cronolóxico sobre este período
	11.1.2. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.	Mapa conceptual sobre grupos ideolóxicos e organización política (leis fundamentais)
	11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.	-Elaboración vocabulario colaborativo en drive.
	11.1.5. Diferenza etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha.	-Esquema sobre as etapas do franquismo en relación á política exterior.
	11.1.6. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959.	
	11.1.7. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973	
	11.1.8. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.	
	11.1.9. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional	
	11.1.10. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país.	-Elaboración dunha composición sobre as transformacións económicas e sociais.
	11.1.11. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española urante os anos do franquismo, así como as súas causas.	
	11.1.12. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.	-Composición sobre apoios e oposición ao franquismo.
	TRANSICIÓN E DEMOCRACIA	
12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde franquismo nun	12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.	- Debate no FORO da Aula Virtual sobre correntes de pensamento

contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas.	12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.	trala morte de Franco, a posición do Rei, o nomeamento de Adolfo Suárez e a súa Reforma Política, etc.
	12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.	-Elaboración dun eixo cronolóxico sobre este período.
	12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.	-Elaboración dunha composición sobre a Transición. -Elaboración vocabulario colaborativo en drive.
12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político.	12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.	- Estudo comparativo coa constitución de 1931 através dunha táboa sobre a Constitución de 1978: soberanía, reparto de poderes, monarquía, cortes, sufraxio, liberdades e dereitos, cuestión relixiosa, concellos e outros aspectos importantes. .
	12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco. (no se desembolveu)	
12.3. Analizar a evolución económica, social política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa.	12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.	-Elaborar unha liña de tempo-esquema coas etapas máis importantes e acontecementos.
	HEB12.3.2. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	-Situación dentro de dita liña de tempo-esquema diferentes noticias propostas pola profesora cun breve comentario
	12.3.3. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración (non se desenvolveu).	
	12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.	

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Todos os traballos son avaliados de 0-10 e teñen un peso na cualificación sumatoria da terceira avaliación. O seu peso na cualificación é diferente, aproximadamente se establece do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo monográfico Guerra Civil: 35% • Elaboración de composicións históricas: 35% (mínimo 2) • Participación no FORO da Aula Virtual: 10% • Elaboración de eixos, táboas cronolóxicas, comentarios sobre breves vídeos, imaxes, etc: 10% • Participación no vocabulario colaborativo através de drive:10% <p>Instrumentos: Sinalados na táboa.</p>
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> • A base da nota será preferentemente a nota da 2ª avaliación se é un aprobado, e se non a media da 1ª e da 2ª, favorecendo sempre ao alumnado. A esa nota media sumarase ata 2 puntos obtidos das actividades do 3º trimestre. • Se o resultado é inferior a 3 o alumnado poderá recuperar a 1ª e 2ª avaliación realizando os traballos da terceira de xeito que acade o 5. • Se a nota é inferior a 3 terá que facer traballo extraordinario durante a terceira avaliación para poder acadar o 5 na cualificación ordinaria de xuño.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Un exame sobre COMPETENCIAS BÁSICAS e ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE desenvolvidos durante a primeira e segunda avaliación. A estes alumnos/as se lles proporcionará una guía de traballo para elaborar durante o verán.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: proposta de traballo sinxela e adaptada ao alumnado e ás circunstancias establecida por semanas.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O alumnado que tiña aprobada a materia pendente ao final da 2ª avaliación. Terá esa mesma cualificación ou superior se seguiu desenvolvendo traballo na 3ª (ata 2 puntos máis segundo as cualificacións obtidas nas actividades realizadas). • O alumnado que estaba suspenso pode aprobar realizando as actividades propostas e corrigindo os erros que o profesor/a iralle indicando. Pode subir ata 3 puntos a cualificación que tiña na 2ª e 3ª avaliación (é a opción na que insistimos o profesorado do departamento). • Se deste xeito non acada o aprobado pode presentarse a un exame (presencial ou on line, dependendo do estado de confinamento) na convocatoria e datas que estableza o equipo directivo. <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exercicios sobre competencias básicas guiados polo profesorado de xeito individual. • Exame sobre competencias básicas da 1ª e 2ª avaliación na convocatoria ordinaria.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Fóronse colgando presentación sobre os diferentes contidos e para reforzalas a profesora fixo vídeos explicativos sobre as diferneets presentación. Desenvolvimos, ademáis todas as actividades que aparecen como instrumentos de avaliación. O alumnado que tiña suspenso traballou actividades específicas de repaso do libro de texto, ademáis de facer o traballo xeral.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado deste nivel tiña conectividade. Foi enviado un correo semanal indicando os traballos a desenvolver e ne semana seguinte ou antes de quice días foron corrixidos e cualificacdos, sempre de 0-10. Cando o equipo directivo organizou un Calendario para aAula Virtual, utilizamos tamén este método de comunicaciónn das actividades.
Materiais e recursos	Os que víñamos utilizando: drive, Aula Virtual e vídeos (documentáis e fragmentos de películas) e outros como FORO da Aula Virtual ou a elaboración de vídeos con https://screencast-o-matic.com/screen-recorder?wl=expired

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Informouse ao alumnado en canto foi posible establecer unha norma, nunca antes de recibir as indicacións da Consellería aínda que, como o alumnado é maior, tratamos o tema en diferentes ocasións e especulamos sobre as opción que tiñamos.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.